



COSTA DE PONTECESO

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2020



Distancia: 60 km + camiñadas
Dificultade: media

O concello de Ponteceso está situado na marxe dereita da ría de Corme e Laxe e na costa de mar aberto, entre as puntas do Roncudo e Queimada. Os principais núcleos de poboación son Ponteceso e Corme.

Na costa distínguense dous tramos moi diferentes, o interior da ría, baixa e abrigada, e os cantís de mar aberto que caen bruscamente dos montes ao mar. O río máis importante é o Anllóns que percorre o sur do concello e fai de linde nunha boa parte do seu curso. Acolle áreas de gran valor paisaxístico e biolóxico asociados ás costas e ao río. Unha boa parte do territorio do concello está protexido nos espazos naturais "Costa da Morte" e "Río Anllóns".

Ría de Corme e Laxe

- 1-O Lago. Ínsuas do Lago. As Negras.
- 2-Punta Queimada. Area da Prata.
- 3-Enseada de Niñóns
- 4-Praias de Niñóns e O Morro
- 5-Punta e praia do Niño do Corvo
- 6-A Eiroa
- 7-Punta de Santa Mariña
- 8-O Pinchón
- 9-Punta Arbosa. O Bravío.
- 10-Enseada da Barda
- 11-Area Grande. Area Pequena.
- 12-Punta Espiñeira
- 13-As Rozas
- 14-Punta do Castro
- 15-Enseada de Grixoa. Punta de Eiras.
- 16-Enseada de Eiras
- 17-Punta Percebellosa
- 18-Punta dos Nouchóns
- 19-Rego do Barco
- 20-Enseada da Zarrateira. Laxes Bravas.
- 21-O Tordeiro. Punta da Dona. A Gabriela.
- 22-Furna do Burro. Laxe das Pesqueiras.
- 23-Punta dou Mouzón.
Furna dos Farillóns.
- 24-Punta Baixo da Rúa. Laxe da Nádega.
- 25-Punta do Roncudo
- 26-Punta Seixuda. Mar da Eiruga.
- 27-Os Carreiros
- 28-A Ínsua
- 29-Punta das Galleiras.
Punta do Aguillón. Rego do Espiñeiral.
- 30-Punta de Chans
- 31-Area das Cunchas. A Batuda.
- 32-Garabandufe. Punta da Granxa.
Os Coídos. Coído da Cetárea.
- 33-Corme: porto e enseada
- 34-Praia da Arnela. Praia de Osmo.
Punta da Furna. Punta da Estrela.
- 35-Praia da Ermida
- 36-Illa da Estrela. Punta Sapeira.
- 37-Punta dos Prados
- 38-Praia de Rio Covo
- 39-Punta Verdillo. Punta do Canteiro.
- 40-Coído da Facha
- 41-A Parede. Punta da Facha.
- 42-Praia de Valarés
- 43-Furna do Encanto.
Punta do Cal Vaqueiro.
- 44-Punta do Monte Branco
- 45-Illa Tiñosa
- 46-Praias do Medio, A Barra e O Areal
- 47-Illa dos Cagallóns
- 48-Pozo dos Caldeiros. O Xuncal.
- 49-Esteiro e Xunqueira do Anllóns
- 50-Ponteceso

A **Costa da Morte** é un tramo de litoral moi diverso no que se alternan grandes areas e marismas con tramos expostos e protexidos, zonas baixas e elevados cantís.

É unha área de enorme valor biolóxico que acolle unha importante flora e fauna con numerosas especies pouco comúns.

A vexetación de cantís, dunas e marismas está moi especializada e pódense atopar numerosas especies e subespecies endémicas da zona. En canto á fauna hai que destacar a gran riqueza dos hábitats costeiros e o número de aves acuáticas, moitas delas invernantes que se concentran nos cantís e nas zonas húmidas.

Toda a zona é unha importante área de pesca e marisqueo e



Na Costa da Morte os protagonistas son as rochas (maiormente granitos), o mar e o vento.



Corvos mariños



Vista da ría de Corme e Laxe desde o Monte Branco, coa illa Tiñosa

RÍA DE CORME E LAXE

Ábrese entre as puntas Roncudo (ao norte) e Laxe (ao sur), na saída ao mar do río Anllóns, que desemboca ao oeste de Ponteceso. Nesta ría pódense distinguir dúas áreas diferenciadas: o interior, formado polo esteiro do Anllóns, protexido da forza do mar por unha barra de area de 2 km chamada a Ínsua onde podemos atopar dunas móbiles e fixas; e o resto do espazo, máis aberto, rochoso e recortado con algunhas zonas abrigadas nas que hai praias. As vilas máis importantes neste concello son Corme e Ponteceso.



A ría con Corme ao fondo

PERCORRIDO

Non é doado percorrer o litoral de Ponteceso, nin siquera aproximarse a el en moitos puntos, porque na costa exterior non ten apenas abrigos nin puntos nos que poidamos achegarnos á beira da auga a non ser en Niñóns, Santa Mariña e A Barda e aínda a estes sitios hai que facelo por estradiñas estreitas, camiños asfaltados, que en moitos puntos non permiten o paso de dous coches á vez, e no interior da ría a cousa tampouco é mellor porque os montes caen directamente ao mar a non ser nas enseadas de Corme e Valarés, e a partir da frecha que se forma na desembocadura do Anllóns. Con todo podemos gozar das súas particulares características achegándonos aos sitios accesibles e facendo neles algunhas camiñadas. Un percorrido en coche, completo, pasando por todos os puntos de interese vai aos 60 km, porque non se pode facer un circular continuo, en realidade son saídas de ida e volta á estrada principal porque non hai comunicación directa entre os distintos lugares.

En **Niñóns** podemos ver as praias e a enseada; en **Santa Mariña** o porto, a illa e, polo outro lado, os cantís do **monte Meda** e a liña de paredes entre a **punta Ferreira** e a **punta Percebellosa**; na **Barda** veremos toda a enseada desde os pequenos areais do seu fondo; nas proximidades da aldea do **Roncudo** temos que achegarnos cunha curta camiñada ao **Petón do Lume** para ver, desde a altura, os cantís, en moitos puntos de máis de cen metros de caída, desde a **punta Percebellosa** ás **puntas do Monzón**; en **Corme** temos que ver a localidade, o porto, e polo espazo acondicionado pola beira do mar, achegarnos á **praia da Arnela** e a **praia do Osmo** e a súa furna; na **punta do Roncudo** veremos a paisaxe, o faro e o mar que lle da nome á costa da contorna; na **praia da Ermida** o areal e achegarnos á **illa da Estrela** e a **punta Sapeira**. Da praia da Ermida podemos volver á estrada xeral ou seguir polo interior para ver a **Pedra da Serpe de Gondomil**. En **Valarés** a praia e o peirao do que foi importante embarcadero de mineral durante a segunda Guerra Mundial; no **alto das Travesas** a panorámica do **Monte Branco**, a **frecha da Barra** e o **esteiro do Anllóns**; e no **Couto** o **pozo dos Caldeiros** e o acceso á **praia da Barra** -a estes últimos lugares tamén podemos ir camiñando desde Ponteceso polo Malecón do Couto que percorre o **Xuncal** ao longo da canle do río.






1-O Lago. Ínsuas do Lago.




As Negras




2-Punta Queimada. Os Pasos.



Area da Prata.



3-Enseada de Niñóns



4-Praias de Niñóns e O Morro



Praia de Niñóns



Praia do Morro



5-Punta e praia do Niño do Corvo



6-Porto de Santa Mariña



A Eiroa



7-Punta de Santa Mariña



8-O Pinchón e A nave



9-Punta Arbosa e monte Meán

O Bravío



10-Enseada da Barda



10-Enseada da Barda




11-Area Grande e Area Pequena

Area Grande



Area Pequena



12-Punta Espiñeira



13-As Rozas. A Escorrentada.



14-Punta do Castro



15-Enseada de Grixoa

Punta de Eiras




Punta de Eiras



16-Enseada de Eiras



17-Punta Percebellosa



18-Punta dos Nouchóns



19-Rego do Barco




O Roncudo






20-Enseada da Zarrateira. Laxes Bravas. A Gabriela.




21-Punta da Dona. O Tordeiro.




A Dona e Baixos das Abrollas



22-Vista desde A Dona: Laxe das Pesqueiras



Pedras dos Frades



Furna da Fuxisaca e Punta do Roncudo



23-Punta dou Monzón



24-Punta Baixo da Rúa.
Laxe da Nádega.



25-Punta do Roncudo





As Cruces




Punta do Roncudo





26-Punta Seixuda




Mar da Eiruga



27-Os Carreiros



Vista desde Os Carreiros



28-A Ínsua



29-Punta das Gralleiras



29-Rego do Espiñeiral



Punta do Agullón



30-Punta de Chans
31-Area das Cunchas. A Batuda.



32-Punta da Granxa. Os Coídos.
Coído da Cetárea. O Garabandufe.



33-Corme: porto e enseada





34-Praia da Arnela



Punta entre as praias de Arnela e O Osmo



Praia de Osmo



Puntas da Furna e da Estrela




35-Praia da Ermida



36-Illa da Estrela. Punta Sapeira.



37-Punta dos Prados



38-Praia de Rio Covo



39-Punta Verdillo. Punta do Canteiro.





40-Coído da Facha



41-Punta da Facha



A Parede. Punta da Facha.



Punta e monte da Facha



42-Praia de Valarés. Ao fundo a punta e monte da Facha.



Praia de Valarés. Ao fundo o Alto das Travesas.



Rego que desemboca na praia de Valarés



Embarcadero na praia de Valarés, que foi porto de saída do volfrâmio co que se abastecían os alemáns durante a segunda guerra mundial. Da area desta praia obtívose mineral de titanio entre o 1936 e o 1960.



43-Furna do Encanto. Punta do Cal Vaqueiro.



44-Punta do Monte Branco (á dereita)



45-Illa Tiñosa



Monte Branco



Esteiro do Anllóns e Monte Branco
A area sobe polas aba do Monte Branco
formando placas eólicas.



46-Praia do Medio, A Barra e O Areal

Ao atoparse co mar o río Anllóns forma unha frecha de
area onde se asenta a praia da Barra, Dolarís ou do
Medio, de algo máis de 1 km de lonxitude.



Vista desde o monte das Travesas (182 m)
un espléndido miradoiro sobre a ría e o esteiro
do río Anllóns





47-Illa dos Cagallóns 48-Pozo dos Caldeiros 49-Esteiro e Xunqueira do Anllóns



No esteiro do Anllóns hai pradeiras de sebas e salicornias e nas beiras carrizos e xuncos. É unha importante área de descanso para as aves mariñas, sobre todo no inverno, entre as que destacan as limícolas. É frecuente ver limícolas pouco comúns: pillara semipalmada, pillara dourada pequena, pilro americano, pilro de Bonaparte, pilro canelo, bilurico maculado, bilurico patiamarelo grande, bilurico patiamarelo pequeno...



50-Ponteceso. O Xuncal.



Lavancos (*Anas platyrhynchos*). Son os parrulos máis comúns e abondosos das augas dóces e dos esteiros de Galiza.



Ponte sobre o río Anllóns, en Ponteceso.

O RÍO ANLLÓNS nace na Fonte de Quenlle da Grela (Montes do Xalo), discorre por terras de Bergantiños durante 54,4 km e desemboca na ría de Corme e Laxe formando un amplo esteiro protexido por una barra de area. O curso do río Anllóns desde Carballo ata a desembocadura en Ponteceso e os seus afluentes Balsa e Rosende están protexidos no LIC "Río Anllóns".